

información pública por período de vinte días hábiles, tal como dispón o art. 86 da Lei 30/92, coa fin de que durante o mesmo, que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da provincia, poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Ponteareas, a 20 de xullo de 2010.—O Alcalde,
Salvador González Solla. **2010008358**

A N U N C I O

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Ponteareas, en sesión levada a cabo o día 15 de xullo de 2010, acordou:

1º) Desestimar as alegacións presentadas por dona Beatriz Santos Ucha e don Germán Regueira Ucha.

2º) Aprobar definitivamente a modificación a Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), nos seguinte termos:

O artigo 2 da citada ordenanza queda redactado:

Artigo 2: “O tipo de gravamen do Imposto sobre Bens Inmóveis queda fixado:

No 0,40 para os bens de natureza urbana.

No 0,40 para os bens de natureza rústica.

No 0,60 para os bens de características especiais”.

En aplicación da disposición transitoria décimo octava do TRLFL, establecer unha nova disposición complementaria co seguinte tenor literal:

“Establécese polo Concello como coeficiente para o cálculo de valor base, na determinación da base liquidable do IBI dos inmóveis de natureza rústica ocupados por construcións, o coeficiente de 0,7276”.

Recursos: Contra a presente modificación de ordenanza os interesados poderán interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP, ante Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ponteareas, 20 de xullo de 2010.—O Alcalde,
Salvador González Solla. **2010008409**

A N U N C I O

Faise público para xeral coñecemento que esta Alcaldía dictou, con data 19 de xullo de 2010, unha resolución nomeando funcionarios de carreira

como Policía Locais (Subgrupo: C1; Escala: Administración Especial; Subescala: Servicios Especiais) os seguintes:

—Don José Enrique Leitos González, DNI:
34.874.393-E.

—Don Carlos Carballido Ferreiro, DNI:
35.556.433-C.

—Don Antonio Rodríguez Fernández, DNI:
35.560.113-C.

—Don Eduardo Fernández Botana, DNI:
35.555.816-R.

—Don José Manuel Barros Brito, DNI:
76.893.724-D.

Ponteareas, 2 de agosto de 2010.—O Alcalde,
Salvador González Solla. **2010008740**

A N U N C I O

Asunto: Aprobación da lista cobratoria do período 2007-2008-2009 por cuotas pendientes por recibo de taxas e prezos públicos por servizos prestados en concepto de Auga, Sumidoiros, Depuración, Canon, Conservación e Lixos (IVE), mediante Resolución de Alcaldía de 04-08-2010.

Resolvo:

1.—Advocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, respecto de este asunto en concreto e, de acordo co sinalado.

2.—Aprobar a lista cobratoria do período 2007-2008-2009 por cuotas pendientes por recibo de taxas e prezos públicos por servizos prestados en concepto de auga, sumidoiros, depuración, canon, conservación e lixos (ive).

3.—Expoñer o público a referida lista cobratoria durante un prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación no BOP para que poida ser examinado polos/as contribuíntes ou interesados nas oficinas do Concello e nas de Aquagest en días hábiles durante as horas de oficina e poidan facelas reclamacións que consideren oportunas, elevándose a definitivo con resolución das mesmas si as houbese.

4.—Asimismo faise saber que, sen perxuízo das reclamacións que se poidan presentar contra o citado listado, o prazo de ingreso en período voluntario das citadas taxas, será de dous meses a partir da citada publicación.

5.—Contra a aprobación do referido listado só poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó do remate do período de exposición pública do referido Padrón (art. 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais).